

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXP. 1527/2020. BASES REGULADORAS DO FOMENTO DO CONSUMO LOCAL NO CONCELLO DE FORCAREI A TRAVÉS DE BONOS

Vistas as BASES REGULADORAS DO FOMENTO DO CONSUMO LOCAL NO CONCELLO DE FORCAREI A TRAVÉS DE BONOS, que se transcriben de seguido:

"BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO PARA O FOMENTO DO CONSUMO LOCAL NO CONCELLO DE FORCAREI A TRAVÉS DE BONOS

A crise sanitaria mundial orixinada polo COVID-19 deu lugar á súa definición como pandemia pola Organización Mundial da Saúde e conlevou a adopción de medidas para combater a enfermidade, así como paliar os efectos da mesma a nivel social e económico.

A Lei de Bases de Réxime Local contempla no Capítulo III Artigo 25 recolle que os concellos poderán promover actividades que contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da comunidade veciñal no marco das súas competencias e baixo os parámetros de suficiencia financeira.

Neste contexto, tratándose dunha situación excepcional, procede a adopción por parte dos gobernos de medidas dirixidas a paliar os efectos para as familias e o sector económico local.

Entre elas atópase a creación de bonos ao consumo, cuxa finalidade consiste en impulsar o desenvolvemento dunha política municipal de dinamización económica que fomenta o desenvolvemento económico e social da nosa localidade nunha dobre liña, polo lado do comercio e polo do consumidor.

Cos bonos de compra, o Concello incentiva o consumo nos establecementos de todos os sectores económicos, axudando a un tecido empresarial clave no municipio e moi prexudicado pola pandemia do coronavirus.

As empresas interesadas en adherirse á campaña teñen que ter un establecemento comercial ou hostaleiro no concello de Forcarei (ver cláusula sexta: requisitos e obrigas do establecemento adherido).

Polo que respecta aos consumidores, deben estar empadroados/as no Concello de Forcarei. Poden solicitar os seus bonos de forma presencial ou por sede electrónica entre o día 21 de decembro ao 31 de xaneiro de 2021 ou ata o esgotamento dos 500 bonos.

Todos os detalles e as bases da campaña están a disposición das empresas e da veciñanza na páxina web do concello (Forcarei.net) e sede electrónica (forcarei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios na casa consistorial a partir do luns 14 de decembro de 2020.

O Concello de Forcarei pon en marcha a primeira edición da iniciativa, mediante a emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros do Concello de Forcarei, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

As bases reguladoras da iniciativa dos **BONOS** son as seguintes:


PRIMEIRA.- OBXETO

Coa emisión e concesión dos bonos ao consumo preténdense lograr os seguintes obxectivos:

- Fomentar o consumo no comercio e hostalería local.
- Apoiar ao tecido empresarial afectado pola pandemia COVID-19.
- Concienciar á poboación da necesidade de colaborar coas empresas locais.

SEGUNDA.- DOTACIÓN PRESUPUESTARIA

O orzamento ascende a 5.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 430.479.



TERCEIRA.- DURACIÓN

O prazo para canxear os bonos será **do 21 de decembro ao 31 de xaneiro de 2.021, ambos inclusive.**

CUARTA.- TERÁN A CONSIDERACIÓN DE BENEFICIARIAS DOS BONOS AS PERSOAS FÍSICAS QUE CUMPRAN OS SEGUINTE REQUISITOS:

As persoas interesadas deberán estar inscrita no Padrón de Habitantes do Concello de Forcarei na data de publicación do anuncio de aprobación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Con motivo da situación do COVID-19 deberán solicitar os seus bonos por sede electrónica ou de forma presencial a través de cita previa chamando o teléfono 986 755 036, ext. 2029.

As persoas empadroadas interesadas cumprimentarán a correspondente instancia (ANEXO II) e farán entrega dunha copia do DNI, unha vez aprobada procederá a expedir o pertinente bono.
Non se recoñecerá como beneficiario/a dos bonos se se detecta falsidade, omisión ou ocultación na información facilitada.

QUINTA.- SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA

Os establecementos interesados en participar, deberán cumprimentar e presentar na forma e prazo indicados nestas bases o documento Anexo I de adhesión á campaña que estará á súa disposición na páxina web do concello (Forcarei.net) e sede electrónica (forcarei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios na casa consistorial.

A organización resérvase o dereito de solicitar calquera documento que considere necesario.

O período de solicitude de adhesión á campaña por parte dos establecementos comerciais e de hostalería interesados comezará **o día 14 de decembro e rematará o día 17 de decembro de 2020 (ambos incluídos).**

Posteriormente, na web **do Concello e na sede electrónica**, publicarase o listado con todos os establecementos adheridos neste proxecto para facilitar ás persoas beneficiarias do bono a súa consulta.

SEXTA.- REQUISITOS E OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO

As empresas interesadas en adherirse á campaña deben ter a consideración de microempresas, pemes, autónomos ou empresarios individuais, comunidades de bens ou sociedades civís. Teñen que ter un establecemento comercial ou hostaleiro no concello de Forcarei.

Entendese a efecto de estas bases por comercio e hostalería os establecementos incluídos na seguinte clasificación de actividades do imposto sobre actividades económicas-IAE:

Grupo I

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

653.1 - Comercio polo miúdo de mobles

653.2 - Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como mobles de cociña.

653.3 - Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxería, adorno, agasallo, ou reclamo (incluíndo bixería e pequenos electrodomésticos)

654.2 Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

659.2 Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipos de oficina





659.5 Comercio polo miúdo de artigos de xoiería, relojería, pratería e bixería

Grupo 662.

662.2 - Comercio polo miúdo de toda clase de artigos

Grupo 972. Salóns de peiteado e institutos de beleza.

Grupo 671. Servizos en restaurantes

Grupo 672. En cafeterías

Grupo 673. En cafés e bares con ou sen comida.

Grupo II

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e refugos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

652.2 Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumería e cosmética.

652.3 Comercio polo miúdo de produtos de perfumería e cosmética, e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.

652.4 Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

659.3 Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos

659.4 Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.

659.7 Comercio polo miúdo de sementes, abonos, flores e plantas e pequenos animais

691. Reparación de artigos eléctricos para o fogar, vehículos automóviles e outros bens de consumo.

474. Artes gráficas (impresión gráfica).

A empresa adherida comprométese a:

- Aportar, en tempo e prazo, a documentación que lle sexa requirida dende o Concello.
- Recibir e colocar os materiais informativos dos **bonos** nun lugar visible do establecemento.

Dito material consistirá:

- Bases da iniciativa.
 - Carteis identificativos.
- Facer un uso responsable dos **BONOS** evitando o uso fraudulento dos mesmos.

SÉPTIMA.- CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DOS BONOS:

- Número de bonos: 500
- O bono terá un valor de 10 euros.
- O bono será canxeable **nunha única compra igual ou superior a 30 euros para gastar no comercio do Concello de Forcarei.**
- Os bonos non son cambiábeis por diñeiro en efectivo.
- No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento deberá emitir un vale polo importe íntegro da compra, non sendo posible a devolución de diñeiro en efectivo.
- Número máximo de un bono por DNI.



- Non poderán adquirirse bonos por medio de DNI de menores de idade.
- Data de solicitude do bono: dende o 21 de decembro ata o 31 de xaneiro, ou ata fin de existencias dos 500 bonos. Poderá facerse por sede electrónica enviando instancia (ANEXO II) e copia do DNI ou de forma presencial na casa consistorial de luns a venres de 8:00h a 15:00h previa cita telefónica chamando ao 986755036 ext. 2029.
- Data límite de uso dos bonos: 31 de xaneiro de 2.021.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE TROCO DOS BONOS

Unha vez que as persoas beneficiarias reciban a aceptación da súa solicitude e estean en posesión do seu bono poderán utilizalo como medio de pagamento nun único establecemento adherido á campaña. Dende a casa consistorial facilitarase a lista dos establecementos adheridos. Tamén se poderán consultar na páxina web municipal (forcarei.net) e na sede electrónica (forcarei.sedelectronica.gal).

No momento en que o beneficiario/a efectúe a compra deberá entregar á empresa o bono impreso e a empresa procederá á súa validación.

A empresa adherida será a encargada de verificar que o bono se corresponde coa persoa que o presenta solicitando o DNI.

Unha vez comprobada e verificada a validez do bono a empresa aceptará o mesmo como medio de pagamento e expedirá o correspondente ticket ou recibo dos artigos adquiridos por valor igual ou superior a 30 euros a nome da persoa beneficiaria aos efectos de que o Concello poida efectuar as comprobacións oportunas.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE FACTURACIÓN DAS EMPRESAS ADHERIDAS

As empresas adheridas á campaña poderán achegar unha **única factura** de forma presencial no Rexistro xeral do Concello ou a través da Sede Electrónica para o seu abono especificando no concepto da factura o seguinte: BONO COMERCIO/HOSTALERÍA relacionando o número identificativo de cada un dos bonos.

Ademais deberá achegar **os bonos entregados polas persoas beneficiarias e os tickets ou recibos** de cada unha das compras realizadas no establecemento a cargo dos bonos da presente campaña coa finalidade de garantir que as compras sexan iguais ou superiores o importe de 30 euros.

Esta documentación (**factura, bonos e tickets**) poderase achegar a partir do 11 de xaneiro de 2021 ata o día 11 de febreiro de 2021.

A administración, tras a comprobación da documentación achegada pola empresa adherida, aprobará mediante resolución de alcaldía o libramento dos fondos a cada unha das empresas polo importe ao que ascendan as compras realizadas en cada un dos establecementos e abonadas con cargo aos bonos.

O Concello procederá ao aboamento das cantidades correspondentes a cada establecemento na conta bancaria facilitada polo establecemento participante.

Non se abonarán bonos falsificados, rotos, deteriorados ou presentados a partir da data límite da súa liquidación.

O Concello resérvase o dereito de apartar para futuras convocatorias e denegar a liquidación dos bonos a aqueles comerciantes ou hostaleiros nos que se detecte un uso fraudulento e lucrativo da campaña.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE

O Anuncio das Bases da convocatoria será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e as Bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Forcarei, no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (forcarei.sedelectronica.gal) e na web municipal (forcarei.net).





ANEXO I

D/Dona _____, co DNI nº _____,
domicilio a efectos de notificacións en _____ en representación da
Entidade _____, co N.I.F./CIF nº _____, co
teléfono de contacto _____ e/ou correo electrónico _____.

DECLARO RESPONSABLEMENTE O SEGUINTE:

- 1.- Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Comunicade Autónoma de Galicia, co Concello de Forcarei e coa Seguridade Social.
- 2.- Que a entidade que represento se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Forcarei poida acordar para comprobar que as actuacións realizadas ao abeiro do programa de bonos de consumo, se corresponden cos fins que figuran nas bases reguladoras do programa.
- 3.- Que todos os datos facilitados ao Concello para adherirse ao Programa de bonos de consumo son certos.

Forcarei, ____ de _____ de ____

Asdo.-

ANEXO II

D/Dona _____, co DNI nº _____,
domicilio a efectos de notificacións en _____ co teléfono de contacto
_____ e/ou correo electrónico _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE O SEGUINTE:

- Estar inscrita no Padrón de Habitantes do Concello de Forcarei.

Forcarei, ____ de _____ de ____

Asdo.-

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS
CONSENTIMENTO E O ART. 6 LOPD-GDD)

Responsable
Identidade: Concello de Forcarei [P3601800J]
Dirección Postal: Plza. de la Iglesia, 1. Forcarei. 36550 Pontevedra
Teléfono: 986755036
Correo electrónico: notificaciones@forcarei.net
“

Visto que a competencia para a resolución do presente expediente está atribuída á Alcaldía

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aproba-las BASES REGULADORAS DO FOMENTO DO CONSUMO LOCAL NO
CONCELLO DE FORCAREI A TRAVÉS DE BONOS, que figuran no expediente.

SEGUNDO: Facer públicas as anteditas bases, para coñecemento dos interesados/as, mediante
a súa publicación no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Forcarei, así como a
publicación do anuncio de aprobación das mesmas no BOPPO .

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NO DÍA DA DATA

